

# NOME CIENTÍFICO

*Quercus ilex*

## Descrición:

É unha árbore perenne, monoica (ambos sexos atópanse na mesma planta) e de folla perenne. Moi lonxeva, pode vivir ata 500 anos.

Acada unha altura media (uns 20 m) puidendo presentarse como un arbusto se a pluviometría é baixa.

As súas pólas son rectas e ascendentes e a copa é densa e redondeada

**Familia:** Fagaceae

**Orixe:** Sur de Europa

**Nome común:** Aciñeira ou carrasca



125



124

**As súas follas**, poden ter forma estreita e longa ou ovalada. O seu bordo é ondulado ou espiñento.



126

**As súas flores.** As masculinas aparecen en amentos (parecido a un acio) colgantes. As femininas illadas ou en grupos de dous.



127

**O seu froito** é a landra, de entre 1,5 e 2,5 cm de lonxitude. Maduran en outono e son doces.

# Quercus ilex

## Hábitat

Árbore típica do sur de Europa, de clima mediterráneo e en terras secas do litoral da península Ibérica, Francia e Italia xa que cando o clima é máis chuvioso é substituído por outras especies de quercus. En Galicia está presente nas provincias de Lugo e Ourense nas zonas fronteirizas con León e Zamora.

## Usos ou propiedades

Cultívanse como recurso gandeiro, aproveitando as landras para alimentar as reses, dando lugar ás devesas (que teñen unha grande importancia ecolóxica). Inda que moi difícil de traballar pola dureza, a súa madeira é moi utilizada para a fabricación de pezas que soporten un gran rozamento como rodas, arados... A súa codia presenta unha gran cantidade de taninos o que a fai moi útil para curtir peles. As landras son comestibles para os humanos polo que son consumidas de múltiples formas.

## Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

## Curiosidades

Considerado árbore sagrada en moitas tradicións, simbolizando solidez, lonxevidade e potencia. Na mitoloxía grega había unha acileira sagrada no oráculo de Dodona (o máis antigo do mundo grego) onde se atopaba a morada terrestre de Zeus.